

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de outubro de 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, as 17.58 horas do día 22 de outubro de 2020, reúnese a comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía:** D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de setembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 17 de setembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA SEGUNDA ADENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A C.H. DO MIÑO-SIL OA, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONCELLO DE VILAMARÍN PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA, PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DE MELLORA DO TRATAMENTO NA EDAR DO PARQUE EMPRESARIAL DE VILAMARÍN, NO CONCELLO DE VILAMARÍN (OURENSE).

Intervén o Sr. vicesecretario que dá lectura aos aspectos máis destacados e achegas dos diferentes organismos da segunda addenda modificativa do convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil OA, a Deputación de Ourense e o Concello de Vilamarín para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras de mellora do tratamento na EDAR do Parque empresarial de Vilamarín, no Concello de Vilamarín (Ourense).

Non se producen intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (5), e de DO (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aprobar segunda addenda modificativa do convenio de colaboración entre a C.H. do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello de Vilamarín para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras de mellora do tratamento na EDAR do Parque empresarial de Vilamarín no Concello de Vilamarín (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Modificación do anexo I

Modifícase o anexo I anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

IMPORTES TOTAIS POR ANUALIDADE

2017	14.860,65 €
2018	4.499,35 €
2019	208.450,00 €
2020	338.190,00 €
TOTAL	566.000,00 €

ACHEGA COFINANCIADORES			
	Efectuadas a data 01.09.2020	Importe máximo pendente	Totais previstas convenio
CHMS	7.695,60 €	217.304,40 €	225.000,00 €
DPOU	170.979,75 €	54.020,25 €	225.000,00 €
CONCELLO VILAMARÍN	96.498,61 €	19.501,39 €	116.000,00 €
TOTAL	275.173,96 €	290.826,04 €	566.000,00 €

Segunda.- Eficacia

A presente addenda modificativa resultará eficaz tras a publicación no Boletín Oficial do Estado, logo da inscrición previa no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada lei.

3º.- APROBACIÓN DA SEGUNDA ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO ENTRE A CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL OA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DA VEIGA, PARA O FINANCIAMENTO, EXECUCIÓN E ENTREGA PARA O SEU MANTEMENTO E CONSERVACIÓN, DAS OBRAS DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO, PROTECCIÓN E MELLORA DA CONECTIVIDADE DAS MARXES DO RÍO XARES AO SEU PASO POLOS NÚCLEOS DE XARES, PONTE E BAÑOS, NA VEIGA (OURENSE).

Intervén o Sr. vicesecretario que dá lectura aos aspectos máis destacados e achegas dos diferentes organismos da segunda addenda de modificación do convenio entre a Confederación a Hidrográfica do Miño-Sil OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga, para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte Baños, na Veiga (Ourense).

Non se producen intervencións, e co voto favorable do Grupo Popular (5), e de DO (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar a segunda addenda de modificación do convenio entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil OA, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello da Veiga, para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, na Veiga (Ourense), consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira.- Obxecto da addenda

O obxecto da presente addenda é prorrogar a vixente do Convenio para o financiamento, execución e entrega para o seu mantemento e conservación das obras do proxecto de acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños, na Veiga (Ourense), así como modificar os importes das anualidades vixentes.

Segunda.- Prórroga do convenio

Acórdase a prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2022. Non obstante, se nesta data non se finalizaron as actuacións do seu obxecto, nin se procedeu á recepción das obras, liquidación do contrato, finalización do prazo de garantía, e entrega das obras conforme co establecido na cláusula quinta, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga dentro dos límites temporais establecidos no artigo 49.g) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

Terceira.- Modificación do anexo I

Modifícase o anexo I, engadindo a anualidade de 2021 e reaxustando as contías do seguinte modo:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL OA (50%)	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (35%)	CONCELLO DA VEIGA (15%)
2017	7.122,88 €	3.561,44 €	2.493,01 €	1.068,43 €
2018	16.054,62 €	8.027,31 €	5.619,12 €	2.408,19 €
2019	18.000,00 €	9.000,00 €	6.300,00 €	2.700,00 €
2020	190.000,00 €	95.000,00 €	66.500,00 €	28.500,00 €
2021	168.822,50 €	84.411,25 €	59.087,87 €	25.323,38 €
suma	400.000,00 €	200.000,00 €	140.000,00 €	60.000,00 €

Cuarta.- Entrada en vigor

Esta addenda modificativa resultará eficaz tras a publicación no Boletín Oficial do Estado, lodo da inscrición previa no Rexistro electrónico estatal de órganos e instrumentos de cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada lei.

2º.- Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicio seguintes as cantidades correspondentes, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

4º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DO SERVIZO INTERMUNICIPAL DELEGADO DE RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E DOS PUNTOS LIMPOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A **Sra. presidenta** informa que neste punto vai intervir de D. Javier Bobe Vázquez que é o xefe de área de Medio Ambiente desta Deputación co fin de que aclare e informe en que consiste a modificación desta ordenanza fiscal.

D. Javier Bobe Vázquez, explica que o ano pasado se modificou a taxa nun total de 40 concellos dos 54 adheridos ao servizo. Aproveitando a lei de desindexación aprobouse un mecanismo de modificación de revisión da taxa e incluíuse un mecanismo matemático, desvinculado de índices xerais. A xurisprudencia sinala que a revisión das taxas no se pode facer de xeito automático e para revisar as ordenanzas débese seguir o procedemento previsto para a súa modificación. Para calcular o valor das taxas do ano 2021, necesitamos coñecer o custo do ano 2020 e 2019, pero o procedemento nos obriga a facelo antes do 31 de decembro, e o custo do ano 2020 non se coñece ata febreiro de 2021. Polo tanto propónse a modificación da fórmula establecendo un ano de diferenza, así para o ano 2021 se utilizaran os valores dos anos 2018-2019, e non como figura na fórmula que serían 2019 e 2020, xa que os deste último ano non se coñecen por agora. Tamén se propón que como a fixación dos valores que figuran na ordenanza para o ano 2020 corresponden á variación a baixa do custo do servizo pola entrada da bonificación do canon 2018-2019, e xa se tivo en conta, se propón polo tanto que a actualización non se faga no ano 2021. E a primeira revisión se fará no ano 2021 para o ano 2022.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), e de DO (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do apartado 10 do artigo 5 da Ordenanza fiscal reguladora das taxas do servizo intermunicipal delegado de recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos e dos puntos limpos da provincia de Ourense,

publicada no BOP n.º 299 do 31 de decembro de 2019, (corrección de erros no BOP n.º 7 do 10 de xaneiro de 2020) no seguinte teor.:

10. As contías das tarifas serán revisadas anualmente, de acordo coa seguinte fórmula de revisión:

Coficiente de revisión para $A_{+1} = CRA_{-1}/CRA_{-2} \times 0,9435 + 0,0565$ Onde:

Coficiente de revisión para A_{+1} é o coeficiente de revisión das tarifas para o ano seguinte o ano no que se tramita a revisión (A), a aplicar sobre as tarifas vixentes no ano en curso (A).

CRA_{-1} é o sumatorio dos custos anuais repercutidos na liquidación practicada para o ano A_{-1} , que se corresponde coa do ano anterior a do ano A sobre o que se aplica a revisión.

CRA_{-2} é o sumatorio dos custos anuais repercutidos na liquidación practicada para o ano anterior ao do CRA_{-1} (é dicir: A_{-2})

2º.- Non aplicar neste ano 2020 a fórmula de revisión de tarifas para o ano 2021, dado que a variación producida entre os anos 2018 e 2019 (que foi á baixa) xa está incorporada nas tarifas vixentes no ano 2020.

3º.- O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios dos de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

5º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL PARA O ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PESADA E BÁSCULA INDUSTRIAL E PUNTO DE ALMACENAMENTO TEMPORAL DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN NO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DA BAIXA LIMIA, DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE MUÍÑOS.

A Sra. **presidenta** informa que neste punto tamén vai intervir de D. Javier Bobe Vázquez, xefe de área de Medio Ambiente desta Deputación co fin de que nos aclare e informe en que consiste a modificación deste ordenanza fiscal.

D. Javier Bobe Vázquez explica que no complexo medioambiental de Muíños, existe unha báscula de uso público e conta cunha ordenanza fiscal específica. Na parte da pesaxe ten

un moedeiro e non xera problemas. Pero na entrega de residuos sólidos da construción é preciso que o usuario faga unha autoliquidación e pague ao facer a entrega. Na práctica dá problemas que necesitan un axuste, é necesario manexar diñeiro que debe facelo un funcionario público que non existe, xa que é persoal laboral, e polo tanto é necesario facer cambios. Por isto propónse modificar o sistema para que a liquidación se faga con posterioridade. O operario tomará os datos do usuario, toneladas e tipoloxía do residuo. Eses datos se pasan á Tesourería e esta fará a liquidación posteriormente e a tramitará ao usuario. É unha cuestión técnica por operatividade, seguridade e transparencia.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), e de DO (1) e a abstención do Grupo Socialista (3), e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación artigo 6 da Ordenanza fiscal para o establecemento e regulación das taxas pola prestación dos servizos de pesada e báscula industrial e punto de almacenamento temporal de residuos de construción e demolición no complexo medioambiental da Baixa Limia, de titularidade do Concello de Muíños, coa seguinte redacción:

“A taxa polo servizo de recepción de residuos da construción e demolición regulada nesta Ordenanza esixirase mediante liquidación emitida polo Servizo de Xestión Tributaria e Recadación de Deputación Provincial de Ourense, unha vez prestado o servizo, de acordo cos datos remitidos polo complexo medioambiental da Baixa Limia.

O cálculo da taxa farase de acordo cos datos resultantes da pesada realizada previamente na báscula industrial existente no complexo. A pesada realizarase en presenza do persoal encargado da recepción dos residuos. A persoa que entregue os residuos poderá comprobar a documentación acreditativa de verificación e control metrolóxico da báscula. En caso de desconformidade do interesado co estado da báscula ou co resultado da pesada, non se procederá a recepción dos residuos.

O pagamento das taxas realizarase nos prazos recollidos no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen na liquidación, nas oficinas de Correos, a través da pasarela de pagos da sede electrónica e a

App da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.

No non previsto nesta ordenanza, a inspección e recadación da taxa rexerase polo establecido na lexislación tributaria vixente que resulte de aplicación”.

2º.- O presente acordo someterase a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante anuncio inserido na sede electrónica da Deputación, no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios dos de maior difusión da provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións, que, de ser o caso, deberán ser resoltas polo Pleno. No caso de non presentarse reclamacións ou suxestións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da ordenanza, procederase á publicación do texto íntegro resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **Sra. presidenta**, sinala que aproveitando que está Javier Bobe presente, se procede a dar resposta á pregunta realizada por D.^a Susana Rodríguez sobre como estaba facendo o servizo de recollida de voluminosos nos concellos que tiñan a competencia delegada na Deputación.

D. Javier Bobe Vázquez explica o mecanismo de realización deste servizo. Os usuarios lle comunican ao concello os datos básicos, o solicitante, dirección o punto de depósito, descrición do residuo e número de teléfono. Esa lista trasládase periodicamente, cada 15 días, a un correo electrónico da Deputación para que o Servizo de Medio Ambiente organice a retirada dos residuos. Posteriormente estes se trasladan ao punto limpo e os distintos recicladores autorizados contratados xestionan os residuos. Durante a pandemia houbo un incremento importante deste servizo. Das trescentas toneladas de anos anteriores, este ano xa se superaron en setembro, e dos 62.000 quilómetros realizados en 2019, en agosto, xa fixemos máis do 60% deses quilómetros. Por isto puideron producirse disfuncións ou retrasos porque o servizo está sendo sometido a un estrés. Había concellos que levaban moito

tempo sen recoller, pero nalgún caso o concello non lle trasladou á Deputación as listas de usuarios. Noutros non se lle remitiu o correo á Deputación cada 15 días, senón tras dous meses. Respecto ao Concello de Amoeiro, en xullo e agosto só houbo unha comunicación. Lembra que o cidadán non debe baixar o residuo ata que dende a Deputación se lle chame e que os usuarios deben chamar previamente ao Concello. O servizo é gratuíto e non se lle poñen límites. Engade que están a disposición dos concellos para intentar mellorar o servizo.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, indica que o correo electrónico, a partir do 3 de agosto, se remitiu cada 15 días, xa que o fixo persoalmente e que dende o mes de xuño hai veciños aos que se lles recolleu onte, e iso provoca que os veciños se cansen e deixen os voluminosos xunto aos contedores, e se deixan sen recoller aos que teñen os voluminosos na casa.

A Sr. presidenta sinala que se hai un problema de comunicación entre os veciños e o Concello e entre o Concello e a Deputación se tratará de arranxar. Manifesta que se procurará aclarar ese problema de comunicación.

D. Javier Bobe aclara que non se lles pode trasladar aos veciños unha mensaxe errónea, consistente en que os veciños que se saltan o procedemento e depositan os residuos na vía pública, o servizo os retira, consideran que é unha forma de proceder incorrecta.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG traslada un rogo, xa que no concello de Allariz, que xestionan ese servizo, teñen esa problemática. En ocasións non lle retiran os residuos a propósito para que se dean conta que o fixeron mal e evitar o mal uso do servizo. Engade que temos que solicitar apoio doutras administracións para conseguir un bo uso das ordenanzas municipais. Eles van modificar a ordenanza o próximo mes para evitar que a xente baleire a casa a conta do servizo do concello, e establecerán un límite de volume anualmente que se pode entregar por usuario. Débeselle trasladar á administración competente (Xunta de Galicia), a problemática dalgúns residuos que asumen e teñen que pagar os concellos, como os colchóns, e non existe taxa ou circuíto preestablecido dese residuo, cando hai empresas que se lucran a conta diso. Debería existir ese circuíto de recuperación xa que os concellos o xestionan.

A Sr. presidenta agradece a presenza de D. Javier Bobe Vázquez.

E, ás 18.36 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.